



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de abril de 2020, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Sexto Bimestre do exercicio 2019, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por peiodo de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. De acordo co establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o prazo para interpoñer recursos de reposición empezará a contarse desde o 30 de maio de 2020.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno. Advertir aos interesados que a efectos do cómputo dos prazos procesais, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu apartado 1º, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 11 de maio de 2020.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 0861

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de abril de 2020, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Sexto Bimestre do exercicio 2019, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por peiodo de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. De acordo co establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o prazo para interpoñer recursos de reposición empezará a contarse desde o 30 de maio de 2020.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno. Advertir aos interesados que a efectos do cómputo dos prazos procesais, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu apartado 1º, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 11 de maio de 2020.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 0862

Anuncio

EXPEDIENTES 42/2020 E 43/2020. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. DECEMBRO 2020.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 22 de abril de 2020 aproba o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.838,03 €, correspondendo 1.028,40 € a libre concorrencia e 5.809,63 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. De acordo co establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o prazo para interpoñer recursos de reposición empezará a contarse desde o 30 de maio de 2020.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno. Advertir aos interesados que a efectos do cómputo dos prazos procesais, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu apartado 1º, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase o período voluntario de cobramento en dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de maio de 2020.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 0863

CASTROVERDE

Anuncio

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral correspondente ao exercicio 2019, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Castroverde, 14 de maio de 2020.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 0864

OUTEIRO DE REI

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O Concello de Outeiro de Rei formulou un proxecto de ampliación do Cemiterio parroquial de Castelo, ampliación que require da ocupación de parte do camiño público que actualmente linda polo sur co actual cemiterio.

Para garantir a continuidade viaria, o tramo actual de camiño veríase modificado, de xeito que se axustaría ao novo linde sur do cemiterio xa ampliado.

Coa finalidade de realizar as actuacións preparatorias para a ulterior execución da obra, o día 16 de abril o Alcalde iniciou expediente de desafectación de unha superficie de 88m² do actual camiño público con referencia catastral 27039B002090090000OK, para a súa ulterior agrupación á parcela 002300400PH17H0001UE, así coma da simultánea afectación ao dominio público municipal de unha superficie de 487 m² da parcela 27039B002003140000OE.

O expediente de alteración da calificación xurídica dos bens citados e máis o proxecto técnico de ampliación do cemiterio poderá ser consultado na Secretaría municipal ou no taboleiro de edictos sito na sede electrónica municipal <https://outeiroderei.sedelectronica.gal>

Asemade, por medio do presente anuncio ábrese un trámite de información pública de un mes a contar dende a data da presente publicación no BOP de Lugo, a fin de que calquer persoa poida alegar o que estime convinte na defensa dos seus intereses.

Outeiro de Rei, 18 de abril de 2020.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0865

O SAVIÑO

Anuncio

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 3º bimestre do exercicio 2019, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 10 de febreiro do 2020.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 2 de marzo de 2020 ao 20 de abril de 2020.

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza

entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviñao, 11 de maio de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0866